Á DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL E SOSTIBILIDADE

Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático

DONA **EVA SALDAÑA BUENACHE**, con DNI 47016613-J, Directora Executiva de **GREENPEACE ESPAÑA**, con C.I.F. G28947653 e enderezo na rúa Valores 1, 28007 Madrid, en representación da citada organización comparece e:

EXPÓN

Que dentro do prazo conferido mediante o anuncio publicado no Diario Oficial de Galicia n.º 184, de data 28 de setembro de 2026, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, polo que se somete a información pública o estudo de impacto ambiental e a solicitude de autorización ambiental integrada para a explotación avícola de galiñas poñedoras situada en Leira Nova, concello de Agolada, Pontevedra (expediente 2026-IPPC-I-32), formula as seguintes:

ALEGACIÓNS

PRIMEIRA:

Urxe unha moratoria firme e sen fisuras á gandaría intensiva para toda Galicia

Por mor da sentenza condenatoria ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia o 11 de febreiro de 2025 e confirmada polo Tribunal Supremo na que se consideraba que tanto a Xunta de Galicia como a Confederación Hidrográfica Miño-Sil non actuaron diante da degradación ambiental causada no encoro das Conchas (Ourense) debido á gandaría intensiva e as súas macrogranxas ante a contaminación por nitratos e a proliferación de bacterias tóxicas, a Xunta decretou o pasado 22 de setembro unha moratoria temporal de dous anos para a instalación de granxas de porcino, bovino e avícolas na conca do río Limia.

Dende Greenpeace consideramos que é totalmente inconsistente e incoherente que se sigan a autorizar explotacións de gandaría intensiva noutras comarcas - máis aínda destas dimensións - e que así se exporte o problema dun sitio ao outro e se repliquen as negativas consecuencias ambientais, sociais e económicas que xa se demostrou que desenvolve este nefasto modelo de gandaría industrial, chegando mesmo á vulneración dos dereitos básicos dos veciñose veciñas onde se instalan estas explotacións.

Asemade, a comarca do Deza, onde se situaría a explotación, xa soporta segundo os datos técnicos elaborados mediante a aplicación da Instrución Técnica ITM-1-2025 da Xunta de Galicia, unha presión gandeira superior á da Limia antes da construción desta macrogranxa. Tanto a carga gandeira (5,56 UGT/ha), como a presión de Nitróxeno (242 kg N/ha) e a de Fósforo (119 kg P_2O_5/ha) son superiores á comarca da Limia. De igual xeito, o encoro de Portodemouros (conca do Ulla), ao que podería afectar esta macrogranxa, está a seguir la mesma traxectoria acelerada de colapso ecolóxico que o encoro das Conchas (conca do Limia). Hai que advertir que a doutrina e os fundamentos da sentenza das Conchas son plenamente aplicables a Portodemouros.

SEGUNDA:

Galicia, segunda comunidade autónoma con maior carga gandeira do Estado.

A desmesurada carga gandeira que soporta Galicia vén confirmada polo informe recentemente elaborado pola Comisión Europea no que se analiza a aplicación da Directiva de Nitratos durante o período 2020-23 e no que se establece que a carga gandeira de Galicia é de 2,3 UGM/ha, só por detrás de Cataluña con 3 UGM/ha, e moi por riba da media estatal e europea de 0,7 UGM/ha[1].

Galicia non precisa máis gando en intensivo, necesita reducir a carga gandeira no seu territorio.

TERCEIRA:

Perigo para a saúde pública e o medio ambiente.

A situación actual da gandaría industrial no Estado español é totalmente insostíbel[2],[3], e supón unha mudanza cualitativa e cuantitativa importante a respecto do modelo tradicional de gandaría desenvolvido no territorio español. O crecemento desmesurado e descontrolado da gandaría industrial no Estado está a ter nefastos efectos para o medio ambiente (emisións de gases de efecto invernadoiro e outros gases contaminantes como o amoníaco, consumo de auga e a súa contaminación - en particular por nitratos -, uso masivo de antimicrobianos, deforestación por mor da dependencia absoluta de materias primas importadas de terceiros países…) e para as persoas.

---

[1] European Commission. 2026. Country staff working document on the implementation of the Nitrates Directive Period: 2020-2023 - SPAIN

[2] Greenpeace. 2018. La insostenible huella de la carne en España. Diagnóstico del consumo y la producción de carne y lácteos en España. Dispoñibel en: https://es.greenpeace.org/es/wp-content/uploads/sites/3/2018/03/INFORME-CARNEv5.pdf

[3] Greenpeace. 2021. Macrogranjas, veneno para la España rural. Efectos ambientales de la ganadería industrial. Dispoñibel en: https://es.greenpeace.org/es/wp-content/uploads/sites/3/2021/10/macrogranjas-LR-2.pdf

No que respecta á avicultura e segundo os últimos datos publicados no Sistema Integral de Rastrexabilidade Animal (SITRAN) do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA), o censo de aves de curral a 31 de decembro de 2025 era de 248.661.465 animais, na súa inmensa maioría aglomerados en explotacións industriais.

As explotacións industriais son a contorna perfecta para a proliferación de virus como o da influenza (gripe) aviaria, xa que numerosos individuos xeneticamente similares vense obrigados a vivir amoreados. Este é precisamente o modelo predominante en España e cada vez máis no mundo. Se a isto sumamos que os animais adóitanse trasladar a longas distancias, dáse unha segunda condición que facilita a propagación de virus coma este. E isto non é porque falten as medidas de bioseguridade nestas explotacións, senón simplemente porque estes ambientes crean o hábitat ideal para os patóxenos e a forma como son manexados facilita a súa propagación.

Outro factor de risco para a diseminación deste patóxeno son as inxentes cantidades de excrementos que se xeran nestas instalacións, xa que como sinala o propio Ministerio de Sanidade “os virus aviarios poden vivir até 100 días a 4° Celsius. Na auga sobreviven até catro días a 22º Celsius e máis de 30 días a 0° Celsius”[4].

De feito, un informe da Autoridade Europea de Seguridade Alimentaria (EFSA, polas súas siglas en inglés) sinala, entre as medidas recomendadas para combater os virus aviarios, a redución da densidade das explotacións comerciais, especialmente nas zonas onde máis se concentran estas actividades[5].

O ano 2025 foi un ano catastrófico, detectáronse polo menos 16 focos de gripe aviaria en España e sacrificáronse case tres millóns de aves de curral. **Moitos deles foron detectados en macrogranxas como a que se pretende construír en Agolada**[6].

O **risco de transmisión á poboación** increméntase exponencialmente cando as distancias que separan as explotacións dos núcleos urbanos é reducida ou moi reducida como é o caso. Segundo a memoria do proxecto, as naves atoparíanse a uns escasos 500 metros da Aldea de Couso e a pouco máis de 1.000 metros do núcleo urbano da Agolada. Doutra banda, a proximidade a outras explotacións avícolas e a zonas de paso e invernada de aves silvestres incrementa o risco de que un brote afecte a este tipo de explotacións.

---

[4] Ministerio de Sanidad. 2017. PROTOCOLO DE ACTUACIÓN PARA TRABAJADORES Y PERSONAS EXPUESTAS A ANIMALES INFECTADOS POR VIRUS DE GRIPE CON POTENCIAL PANDÉMICO. Dispoñibel en: https://www.sanidad.gob.es/ciudadanos/enfLesiones/enfTransmisibles/docs/Protocolo_trabajadores_expuestos_a_gripe_aviar_4.01.2017doc.pdf

[5] Autoridade Europea de Seguridade Alimentaria (EFSA). 2021. Avian influenza overview September – December 2021. Dispoñibel en: https://www.efsa.europa.eu/it/efsajournal/pub/7108

[6] Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación. Influenza aviar. Dispoñibel en: https://www.mapa.gob.es/es/ganaderia/temas/sanidad-animal-higiene-ganadera/sanidad-animal/enfermedades/influenza-aviar/influenza_aviar

Así mesmo, esta explotación situaríase a escasos metros dunha xa existente de bovinos (Lácteos Farelo S.L.) e moi recentemente saltou a alarma porque o virus da gripe aviaria detectouse en bovinos e no leite, o que sería un risco inasumíbel para unha rexión con elevada tradición leiteira, algo que xa suscitou moita preocupación no sector en Galicia[7].

CUARTA:

As explotacións industriais de aves de curral xa xeran o 53% do amoníaco en Galicia.

Desde 2010 a 2019, o Estado español incumpriu todos os anos o límite legal marcado en 353.000 toneladas de amoníaco (NH3). A nova directiva para o período 2020-2029 aumentou este límite até as 467.000 toneladas. Porén, España estivo a incumprilo até o ano 2020, cando se emitiron 490.000 toneladas de amoníaco. Actualmente é o único gas contaminante de acción prioritaria onde non só non baixan as emisións senón que medraron no 2024 (últimos datos dispoñíbeis)[8], como se pode observar na gráfica de abaixo, cando se emitiron 453.100 toneladas, o que segue moi por riba do límite inicialmente outorgado a España. O MITERD no seu "Inventario de Nacional de Emisións á Atmosfera" de 2022 concluíu que "dende 2013 obsérvase un paulatino aumento das emisións [de amoníaco], **vencellado ao incremento da cabana gandeira e un repunte no uso de fertilizantes orgánicos (esterco) e inorgánicos**"[9].

[7] Campo Galego. Gripe aviar en vacuno: situación y perspectivas. Dispoñibel en: https://www.campogalego.es/gripe-aviar-en-vacuno-situacion-y-perspectivas/

[8] MITERD. 2026. INVENTARIO NACIONAL DE EMISIONES A LA ATMÓSFERA. EMISIONES DE CONTAMINANTES ATMOSFÉRICOS. Dispoñibel en: https://www.miteco.gob.es/content/dam/miteco/es/calidad-y-evaluacion-ambiental/temas/sistema-espanol-de-inventario-sei-/inventario-contaminantes-atmosfericos/es-iir-edicion-2026.pdf

[9] MITERD. 2022. INVENTARIO NACIONAL DE EMISIONES A LA ATMÓSFERA. EMISIONES DE CONTAMINANTES ATMOSFÉRICOS. Dispoñibel en: https://www.miteco.gob.es/es/calidad-y-evaluacion-ambiental/temas/sistema-espanol-de-inventario-sei-/resumen_inventario_contaminantes-ed_2022_tcm30-534395.pdf




Figure 0.7.1 Relative variation of air pollutants emissions, national total (100% in 1990 or 2000 for PM and BC)

Segundo o Rexistro Estatal de Emisións e Fontes Contaminantes (PRTR), en 2024, **o 24% das emisións de amoníaco declaradas** foron provocadas por explotacións industriais de aves de curral (veñen medrando de continuo). Segundo o "Inventario Nacional de Emisións á Atmosfera", as emisións de amoníaco en 2024, foron xeradas nun 97,3 % polas actividades agrícolas e gandeiras. En Galicia, de acordo co PRTR, o 94% destas emisións foron xeradas por explotacións de gandaría industrial, **sendo xa un 53% xeradas por explotacións industriais de aves de curral**.

Para poder seguir baixando as emisións e acadar como pouco o límite inicialmente outorgado ao Estado español de 353.000 toneladas, non é dabondo coas técnicas actuais, cómpre frear o crecemento da cabana gandeira, e, como se dixo antes, deberá mesmo reducirse. Só indo á raíz do problema poderanse reducir as emisións da gandaría e minimizar os impactos provocados por esta. É máis, no mencionado "Inventario" do MITERD contémplase que "*As previsións de emisións de amoníaco (NH_3) en ambos os dous escenarios teñen en conta o efecto das* ***reducións previstas no número de cabezas de gando*** *para a maioría das especies (gando leiteiro, ovellas, galiñas poñedeiras e pitos de engorde, cabalos, mulos e asnos) e, en especial, unha forte diminución da cabana porcina para 2030, segundo datos facilitados polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación de España.*"

9.5.1.4. NH_3

The projections of ammonia (NH_3) emissions in both scenarios incorporate the effect of the expected reductions in livestock numbers for most animals (dairy cattle, sheep, laying hens and broilers, horses, mules and asses) and specially a sharp decrease in the number of swine population by 2030, provided by the Spanish Ministry of Agriculture, Fisheries and Food.

Doutra banda, o amoníaco é un **precursor de particulas finas PM2,5**, moi perigosas para a saúde humana, e seguramente para as demais especies.

Fica claro que nin estas nin ningunas emisións poderanse reducir se non se reduce a cabana gandeira. Xa que logo, carece de sentido que se sigan a autorizar novas explotacións de gandaría intensiva, e menos aínda se son macrogranxas como a que se pretende facer en Agolada, porque ademais van en contra do "interese xeral" e o ben común.

QUINTA:

A auga limpa é un dereito irrenunciábel.

A **contaminación da auga por nitratos** é un gravísimo problema no Estado español e derívase principalmente de la inxente cantidade de excrementos xerados pola gandaría industrial e o uso de fertilizantes sintéticos en parte destinados á produción de pensos para esta gandaría.

Por exemplo, en Cataluña o 41% das augas subterráneas están contaminadas por nitratos procedentes de xurros, o que afecta a case a metade do territorio. Máis grave é aínda cando de xeito reiterado e cada ano vemos pobos que quedan sen abastecemento de auga potábel por mor desta contaminación. O gasto económico en medidas directas paliativas ou de corrección do exceso de nitratos nas devanditas redes é de **seis millóns de euros anuais**, sufragados polos concellos e a Axencia Catalá da auga. Pero este problema non é exclusivo de Cataluña e á vez que se estende a gandaría industrial esténdense os problemas ao longo de todo o territorio. Doutra banda, un recente documento interno da Confederación Hidrográfica do Ebro puxo de relevo que case dúas terzas partes das explotacións gandeiras da conca contaminan os acuíferos sobre os que están construídas. Así que non hai dúbida, a gandaría industrial e as súas macrogranxas envelenan a auga.

O proxecto de Proteínas e Cereais de Galicia, S.L. - cunha xeración inxente de esterco de galiña, 9.491,26 m³ ao ano - sería unha agravante máis para o deplorábel estado das augas en Galicia e en España debido á contaminación por nitratos. Este tipo de contaminación levou ao incumprimento da Directiva de Nitratos, o que tivo como resultado

unha sentenza condenatoria por parte do Tribunal de Xustiza de la Unión Europea[10] **e hai moi pouco a un ultimatum que pode derivar nunha multa millonaria**[11], así como a antedita sentenza contra a Xunta e a Confederación Hidrográfica.

Este proxecto poría en risco un acuífero clasificado como en "bo estado" e que por agora se libra deste problema que cada vez afecta a máis masas de auga. As autoridades competentes deberían garantir que estes acuíferos sexan preservados de problemas, xa que son as reservas estratéxicas de auga.

Segundo os últimos datos do Sistema de Información Nacional de Augas de Consumo (SINAC) do Ministerio de Sanidade, **Agolada segue a ter unha auga de excelente calidade polo menos en canto á concentración de nitratos** (12 mg/l en la última medición completa efectuada o 18/08/2025). A pesar de que é o dobre do que recomenda agora a ciencia[12], coas medidas acaídas sería moi doado revertilo e situalo dentro deste novo límite que, ogallá, se aprobe en toda a UE, tal como o van facer xa Dinamarca, e en todo o mundo[13].

De levarse a cabo este proxecto situaríase a pouco máis de 500 metros do Manatial do Gorgullós e a un pouco máis do de Fonte Arcada. Ámbolos dous alimentan directamente a rede de abastecemento municipal de auga potábel de Agolada. Situaríase tamén a uns 600 metros do Manantial dos Pardiñeiros que abastece de auga potábel ao lugar de Bidueiros. Este proxecto sería unha fonte clara de contaminación e un risco que non se debe asumir para garantir o abastecemento humano con auga de calidade. **Sen dúbida, hai que aplicar o principio de precaución e rexeitar este proxecto**.

SEXTA:

A crise da auga xa está aquí.

A crise climática está a agravar as secas en toda a Península e, aínda que parecía imposíbel, tamén xa está a afectar Galicia e todo o norte, tal como se está aínda a ver hoxe este ano. Xunto cunha mala xestión da auga, con concesións insostíbeis no tempo que conlevan un incremento do consumo por parte do sector agrario - unha auga que se destina cada vez máis aos cultivos que serven de alimento para o gando e para o uso directo na gandaría - así como da súa contaminación por nitratos e praguicidas, está a

[10] Sentenza do Tribunal de Xusticia da UE (Sala Sexta). Dispoñibel en: https://curia.europa.eu/juris/document/document.jsf?mode=lst&pageIndex=0&docid=283831&part=1&doclang=ES&text=&dir=&occ=first&cid=875297

[11] Paquete de procedementos de infracción de xuño: principais decisións para España. Dispoñibel en: https://spain.representation.ec.europa.eu/noticias-eventos/noticias-0/paquete-de-procedimientos-de-infraccion-de-junio-principales-decisiones-para-espana-2026-06-04_es

[12] 2025. Evaluation of the parametric value for Nitrate in drinking water.

[13] Euronews. 2026. Varias ONG piden a la OMS reducir el límite de nitratos en el agua potable por el riesgo de cáncer.

xerar unha nova crise, a da auga.

O proxecto de **Proteínas e Cereais de Galicia S.L**. contempla un consumo directo de auga de máis de 65.000 m^3 anuais (non se ofrece a cifra de consumo indirecto, o necesario para producir la inxente cantidade de alimento que necesita unha macrogranxa como esta). Esta auga, un volume moi importante que se captará directamente do acuífero, pode ser moi necesaria para o consumo humano en períodos de escaseza pois representaría, por exemplo, **a metade do consumo actual do municipio de Agolada** (459 habitantes abastecidos cunha dotación por habitante ao día de 742,57 litros/habitante/día - unha barbaridade cando comparado coa media estatal de 128 L/Hab/día[14]-, o que equivale a 124.406,46 m^3/ano).

SÉTIMA:

A resistencia aos antimicrobianos mata.

A **resistencia aos antimicrobianos** é unha preocupación global de primeira orde e a gandaría industrial ten un peso importante no incremento desta resistencia.

Manter o mesmo modelo de negocio non permitirá xamais unha loita efectiva, posto que o confinamento de animais en grandes explotacións conleva necesariamente un uso excesivo deste tipo de medicamentos. A responsabilidade de España nesta materia é moi grande, xa que do conxunto de países analizados pola Axencia Europea de Medicamentos (EMA, polas súas siglas en inglés) é en España onde máis antimicrobianos se venden para uso en animais produtores de alimentos para consumo humano[15].

Doutra banda, segundo a Axencia Alemá de Medio Ambiente, o Estado español, e tamén Galicia, está entre os países do mundo con máis contaminación da auga por fármacos, orixinada en parte polo seu uso na gandaría industrial.

Para evitar este problema unha das solucións pasa por reducir drasticamente a cabana gandeira en polo menos un 50% tal e como propón un informe da Fundación Rural Investment Support for Europe, non o de seguir permitindo o seu incremento. Emporiso non se debe conceder ningunha autorización a novos proxectos de explotacións intensivas de aves nin ampliacións das existentes e **menos autorizar un proxecto das dimensións do presentado por Proteinas e Cereais de Galicia S.L.**

---

[14] INE. 2026. Estadística sobre el Suministro y Saneamiento del Agua. Año 2024.

[15] EMA. 2023. Sales of veterinary antimicrobial agents in 31 European countries in 2022. Dispoñibel en: https://www.ema.europa.eu/en/documents/report/sales-veterinary-antimicrobial-agents-31-european-countries-2022-trends-2010-2022-thirteenth-esvac-report_en.pdf

OITAVA:

A gandaría industrial tamén é responsábel da deforestación.

A intensificación da gandaría española ten como unha das súas principais consecuencias a crecente dependencia de cultivos forraxeiros e de grans -en clara competencia coa alimentación humana-, fronte a unha drástica redución no aproveitamento de diferentes tipos de pastos (incluíndo restrollos, barbeitos, montes, dehesas e espazos forestais), subprodutos e residuos agroalimentarios. Esta tendencia ten importantes impactos negativos tanto en termos de biodiversidade como de impacto territorial.

En 2015, utilizáronse máis de 25 millóns de toneladas de cereais e case 12 de leguminosas, xunto a máis de 6,5 millóns de toneladas de concentrados de proteaxinosas; que se consomen de forma directa ou como pensos e concentrados (principalmente en porcino, aves e vacún lácteo/de cebo).

En termos de superficie, a alimentación animal requiriu 18 millóns de hectáreas, o equivalente ao 77% de toda a Superficie Agrícola Utilizada (SAU) española ou ao 36% da superficie total do Estado español.

O caso da soia suramericana resulta especialmente salientábel polo conxunto de impactos negativos sociais, ambientais e económicos orixinados e que padecen as poboacións locais. Se tivésemos que producir todos os pensos utilizados pola gandaría española no territorio, suporía dedicar toda a superficie destinada a oliveiral, viñedo, cultivos hortícolas e froiteiros, cereais e pastos de Andalucía, Castela A Mancha, Cataluña e A Rioxa soamente a producir pensos e forraxes.

A nivel mundial considérase que entre o 75% e 80% da superficie agrícola mundial destínase a producir alimentos para animais e non para consumo directo humano[16].

Segundo a memoria deste proxecto, **necesitaríanse case unhas 15.000 toneladas ao ano de penso para alimentar a todas as galiñas**, unha cantidade realmente importante e que contribuiria a incrementar la elevada dependencia que ten a gandaría española e galega dos pensos.

NOVENA:

Cada gran de area conta para frear a crise climática.

---

[16] Institute on the Environment (IonE), University of Minnesota. 2015. Redefining agricultural yields: from tonnes to people nourished per hectare. Dispoñibel en: https://iopscience.iop.org/article/10.1088/1748-9326/8/3/034015/pdf

Última alegación pero non por iso menos importante, se cadra a máis importante se somos quen de entender a nosa cota parte de responsabilidade no que acontece a nivel global.

Estamos ante unha **emerxencia climática** e o cambio climático é sen dúbida a meirande ameaza á que se enfronta a humanidade, así como a vida no planeta.

O informe do 2018 do Grupo Intergobernamental de Expertos sobre o Cambio Climático (IPCC, polas súas siglas en inglés) advertía da urxencia de pór en marcha medidas drásticas para frear os peores efectos do cambio climático limitando o quecemento global a 1,5 °C. Moi en particular dicían que "**comprirían mudanzas de grande alcance e sen precedentes en todos os aspectos da sociedade**" e que "**as decisións que tomemos hoxe son fundamentais para garantir un mundo seguro e sostíbel para todos, tanto agora como no futuro**"[17]. Lamentabelmente, moi recentemente a comunidade científica xa advertiu que se vai a superar o límite de 1,5 °C, pero tamén nos urxiu a actuar[18].

No seu informe "O cambio climático e a terra"[19] amosan que o 37% das emisións de gases de efecto invernadoiro teñen orixe no sistema alimentario, que os maiores cambios no uso dos chans e a deforestación están asociados á actividade gandeira e que un cambio na dieta, cunha redución drástica do consumo de carne e outros derivados animais, e que aqueles que se consuman proveñan de sistemas gandeiros sustentábeis, de baixas emisións, é fundamental para facer fronte á crise climática.

A gandaría industrial é unha de las grandes responsábeis das emisións españolas de gases de efecto invernadoiro e un sector onde as emisións seguen a medrar. De acordo co modelo GLEAM (Modelo Global de Avaliación Ambiental da gandaría) da FAO o sector gandeiro español emitiu en 2015 máis de 86 millóns de toneladas de CO2-eq, unha cifra moi superior a cando só se teñen en conta as emisións directas.

Os últimos datos do Ministerio para a Transición Ecolóxica sobre as emisións de gases de efecto invernadoiro en España mostran que non estamos a diminuír as emisións ao ritmo que esixe a crise climática en la que estamos inmersos, cunha baixada case insignificante dun 0,8% en 2024 respecto a 2023[20]. No que respecta ás emisións do sector agrario (12,4% das emisións totais), vemos que non só segue incrementando a súa cota de responsabilidade senón que as emisións directas do sector séguense incrementando ano

[17] IPCC. 2018. Os gobernos aproban o Resumo para responsábeis de políticas do Informe especial do IPCC sobre o quecemento global de 1,5 °C. Dispoñíbel en: https://www.ipcc.ch/site/assets/uploads/2018/11/pr_181008_P48_spm_es.pdf

[18] UNEP. 2026. Limiting Overshoot - Navigating exceedance of 1.5°C and pathways towards return.

[19] IPCC. 2019. El cambio climático y la tierra. Dispoñíbel en: https://www.ipcc.ch/srccl-report-download-page/

[20] Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico. 2026. Inventario Nacional de Emisións á Atmosfera (informe resumen) correspondentes ao ano 2024. Dispoñíbel en: https://www.miteco.gob.es/content/dam/miteco/es/calidad-y-evaluacion-ambiental/temas/sistema-espanol-de-inventario-sei-/inventario-gases-efecto-invernadero/resumen-Inventario-GEI-2026.pdf

tras ano (en 2024 un 0,6%) e que a gandaría é xa a responsábel do 79,2% das emisións do sector agrario. E estas son só as emisións directas. O crecemento exponencial da gandaría industrial no Estado español ten máis implicacións na crise climática: máis deforestación, máis transporte de insumos, máis transporte de produtos finais, máis produción e uso de fertilizantes e praguicidas sintéticos…

Namentres, en Galicia, segundo o OGACLI (Observatorio Galego dá Acción Climática), tras a caída da xeración eléctrica baseada en carbón, a agricultura e a gandaría pasaron a disputarse co transporte o primeiro posto en volume de emisións de GEI (Gases de Efecto Invernadoiro), representando, segundo o cómputo con uso enerxético fósil e transporte asociado, **preto do 27% ao 29% do total de emisións brutas da comunidade**. Ademais, **é o único sector relevante en Galicia onde as emisións de GEI non diminuíron con respecto aos niveis de 2005** (+1,5% de incremento).[21]

Conclusións

Á vista do **proxecto de GRANXA DE GALIÑAS POÑEDORAS presentado por Proteínas y Cereales de Galicia, S.L**.,

CONSIDERAMOS que ante a emerxencia climática na que estamos inmersos debe establecerse a nivel xeral unha moratoria a todos os novos proxectos de gandaría intensiva, así como a ampliación dos existentes, e reducir a cabana gandeira en intensivo. Por iso non se debe conceder esta nin ningunha autorización a novos proxectos de explotacións intensivas de aves e ampliacións das existentes.

CONSIDERAMOS que o único xeito de reducir de forma efectiva as emisións de amoníaco, a contaminación por nitratos, a resistencia antimicrobiana e o risco asociado á gripe aviaria, ben como a inasumíbel pegada ecolóxica global da gandaría industrial, é reducindo drasticamente a gandaría intensiva. Por iso non se debe conceder ningunha autorización a novos proxectos de explotacións intensivas de aves e ampliacións das existentes.

CONSIDERAMOS que non se pode aprobar ningún novo proxecto de explotación intensiva de aves e ampliación de las existentes - nin ningún outro de calquera outra especie - sen unha **previa planificación estratéxica** que teña en conta todos os riscos constatados que rodean esta actividade a nivel ambiental, de saúde pública, de

[21] Gandería e transportes xa son os maiores emisores de gases de efecto invernadoiro en Galicia. https://praza.gal/acontece/ganderia-e-transportes-xa-son-os-maiores-emisores-de-gases-de-efecto-invernadoiro-en-galicia

bioseguridade e de benestar animal, isto é, a emisión de amoníaco e a súa redución de acordo aos compromisos adquiridos con la Unión Europea, a emisión de gases de efecto invernadoiro e a súa redución segundo o Acordo de París, o abuso de medicamentos en gandaría e a súa redución para evitar a expansión de bacterias multirresistentes segundo a recente aprobación do Regulamento europeo ou a desprotección das augas fronte á contaminación por nitratos de fontes agrarias, que xa conlevou que o Tribunal de Xustiza da UE condene ao Estado español por incumprimento da Directiva de Nitratos. Esta planificación debería permitir determinar a carga gandeira máxima para cada rexión en función dos recursos locais dispoñíbeis e o impacto sobre o medio ambiente.

CONSIDERAMOS que, dada a actual conxuntura de crecemento desordenado da gandaría intensiva de aves e demais especies, e sen dispoñer dunha verdadeira planificación do sector, resulta **imprescindíbel o establecemento dunha MORATORIA** nos termos e competencias de que dispoña a administración autonómica, até que a anteriormente mencionada planificación estratéxica sexa aprobada. É máis, **consideramos que non se pode facer a avaliación dun proxecto de forma illada e sen ter en consideración os efectos acumulados e sinérxicos con outras explotacións gandeiras e actividades**.

CONSIDERAMOS que dada a relevancia para os recursos hídricos, considérase fundamental establecer unha MORATORIA en tanto non se establezan as garantías necesarias en relación coas obrigas e obxectivos da Directiva Marco da Auga e a Directiva de Nitratos. E de xeito específico, que para cada explotación, a actividade non vai afectar negativamente, nin directa nin indirectamente, a masas de auga nas que se realiza unha captación de auga destinada a consumo humano; masas de auga declaradas de uso recreativo, incluídas as zonas declaradas augas de baño; zonas declaradas vulnerábeis en aplicación das normas sobre protección das augas contra a contaminación producida por nitratos procedentes de fontes agrarias; zonas declaradas sensíbeis en aplicación das normas sobre tratamento das augas residuais urbanas; zonas de protección de hábitats ou especies nass que o mantemento ou mellora da estado da auga constitúa un factor importante da súa protección; perímetros de protección de augas minerais, termais e moi especialmente de consumo aprobados de acordo coa súa lexislación específica; puntos de captación de auga de consumo; reservas hidrolóxicas declaradas mediante acordo do Consello de Ministros; augas subterráneas; e, zonas de protección de especies acuáticas significativas desde o punto de vista económico.

Manter o actual crecemento exponencial da gandaría intensiva de aves en Galicia e España, por todo o que conleva tanto globalmente como localmente, non é unha opción e hai que poñerlle un freo inmediato. Doutro modo, será imposíbel lograr os obxectivos marcados no PNIEC e respectar os compromisos asumidos no Acordo de París. A Xunta de Galicia debería demostrar con feitos como frear las peores consecuencias do cambio climático.

Reducir a cabana gandeira en intensivo ten múltiples beneficios, entre eles o de reducir as emisións de amoníaco, a presión sobre os acuíferos e países terceiros pola dependencia dos pensos, moitos procedentes de zonas que son vitais para o equilibrio ecolóxico do planeta, pero que están a ser deforestadas, o impacto climático… pero tamén o de **diminuír o risco dunha proliferación descontrolada e masiva da gripe aviaria que podería dar lugar a unha nova pandemia, que afectaría, en primeira instancia e case seguramente ás poboacións máis próximas a estas instalacións**.

Por todo o anterior,

SOLICITA:

1. Que se teñan por presentadas dentro do prazo legal estas alegacións na tramitación dos procedementos de avaliación ambiental e autorización ambiental integrada dos proxectos promovidos por Proteínas y Cereales de Galicia S.L.
2. Que se faga a **valoración ambiental** tendo en consideración **os efectos acumulativos e sinérxicos** coas demais explotacións da zona.
3. Que se estime o contido destas alegacións, procedéndose á formulación de **declaración de impacto ambiental desfavorábel e denegación da autorización ambiental integrada** solicitada por Proteínas y Cereales de Galicia S.L.
4. Que se teña a **Greenpeace** como interesada no presente procedemento, conforme o art. 4 e 53 da Lei 39/2015, con dereito a acceder ao expediente, formular alegacións e recibir notificación das resolucións que se adopten.
5. Que se teña por expresamente efectuada a reserva de cantas accións, alegacións, probas e recursos procedan fronte á resolución definitiva, así como fronte a calquera actos de trámite que poidan predeterminar a autorización do proxecto ou producir indefensión.

En Santiago de Compostela a 5 de novembro de 2026

Eva Saldaña Buenache
Directora Executiva
Greenpeace España